
Ferramentas básicas de comunicación: O Chat

- Actualizado (19.07.2006)

O chat ou IRC (acrónimo de Internet Relay Chat), é un sistema de conversación textual en tempo real para usuarios/as de Internet. Para poder "chatear" so é necesario dispor dun navegador web ou ben de programas cliente como o Mirc ou Pirch).

O chat permite que múltiples usuarios/as se reúnan simultaneamente en tertulias ou debates, nos cales cada un vai expresando as súas opinións de forma escrita e en tempo real, á vez que le as que vai expresando o resto. Esta é a diferenza fundamental entre o chat e os foros de debate (tamén chamados news ou USENET) - estas últimas aseméllanse máis a unha publicación na que cada usuario/a le o que escribiron os demais, podendo inserta-lo seu artigo en espera de que sexa lido máis tarde, cando lles chegue ó resto dos subscritores/as.

Para participar nun chat só é necesario conectarse a Internet na forma habitual, executa-lo navegador ou un programa cliente de IRC, e acceder a algun dos moitos servidores repartidos por todo o mundo. Gran parte destes servidores atópanse conectados entre sí, formando o que son coñecidas como redes de IRC, que permiten que usuarios/as conectados a un servidor europeo falen con usuarios/as conectados a un servidor australiano, por exemplo. A rede máis coñecida de servidores de España e hispanoamérica é o IRC-Hispano.

Tamén existen IRC que incorporan texto e imaxes 2D e 3D á sala de charla, videoconferencia, e lugares virtuales (MUD, MOO).

Chats educativos. Algunhas normas de utilización.

- Nun debate só se deben enviar mensaxes que teñan que ver co tema que se está a discutir.
- No debate participamos todos (estudiantes e profesores/as) pero xeralmente modéao o profesor/a, aínda que éste intervén nas mesmas condicións có resto dos participantes.
- Utiliza mensaxes curtas (unhas cinco liñas) e non adxuntes arquivos, porque perderíase a fluidez do debate.
- Non é necesario que empeces dicindo: "Hola compañeiros....", non fai falla que utilices fórmulas de conclusión en cada mensaxe.
- Non escribas mensaxes que digan: " Estou dacordo (ou non estou dacordo) con Teresa". En todo caso comenta por que estás dacordo (ou por que non). Se hai que facer referencia prévia á idea que queres rebater ou ampliar.
- Cada mensaxe que envíes ó debate ten que aportar algunha cousa nova, a favor ou en contra das ideas xa expostas, ou abrir novos campos de discusión.
- Non espalla-lo debate. Antes de lanzar unha nova liña ou idea, deixa que se esgote o tema que naquel momento ocupa o centro do debate.
- No momento de intervir a favor ou en contra das ideas xa expostas, procura que non pase demasiado tempo. Non envíes unha mensaxe que diga: "Fai dez días que Mario dicía tal cousa e eu penso que non tivo en conta ...". Despois de tanto tempo é difícil segui-la discusión.
- Non utilices argot nin palabras que denoten mala educación. Hai que ser breves e concretos, sen deixar de ser críticos.

- Cabero, Julio; Llorente, María del Carmen y Román, Pedro (2004). Las herramientas de comunicación en el «aprendizaje mezclado».

- Sánchez Soto, Javier. El chat en la teleenseñanza: Implicaciones comunicativas y la oportunidad de un enfoque didáctico.